

UNHA TARDE
DE BUREO

MÚSICA DE AQUÍ

DOSIER

SÁBADO 22 DE NOVIEMBRE DE 2025 A LAS 20:00 H.

TEATRO BERGIDUM DE PONFERRADA.

ESPECTÁCULO DE MÚSICA, DANZA Y BAILE TRADICIONAL BERCIANO A FAVOR DEL INSTITUTOS DE ESTUDIOS BERCIANOS.

FOTOGRAFÍAS DEL ESPECTÁCULO: ISIDRO CANÓNIGA.

Tenemos como siempre mucho detrás de cada detalle de cada decisión de esta propuesta y vamos a desgranar varias pinceladas sobre el cartel y el título de este espectáculo.

Ambos están basados en dos obras claves relacionadas con el Bierzo y fuertemente relacionadas con el Instituto de Estudios Bercianos. Por un lado, el libro *Ensayos Poéticos en Dialecto Berciano* de Fernández Morales publicado en 1861 por primera vez y reeditado por el IEB. Una obra más costumbrista que descriptiva o etnográfica con una gran importancia a nivel lingüístico y que dio lugar al título del espectáculo. Mar Palacio que dio el primer impulso al proyecto encontró en estos verbos tan significativos un sentido especial que quedó plasmado desde un primer momento. Los versos pertenecen al poema O Magosto y dice así:

[...]

D'á dóito, póis, aquel día

téin as familias d'o Bierzo

de sair os campeliños,

d'os magostos c'o pretestoo,

á ter c'os déudos y amigos

unha tarde de bureo.

[...]

El cartel es obra de José M. Sobrín y él ha trabajado sobre el dibujo de la portada de la edición especial del Cancionero Berciano publicado en 1977 bajo el auspicio del Instituto de Estudios Bercianos para elaborar este cartel del espectáculo "Unha Tarde de Bureo". Este dibujo es autor de Fernando González Lucini y se trata de un gaitero que semeja ser zurdo (sabemos que siempre puede haber una inversión de la imagen) ataviado con un traje tradicional. Un dibujo que recuerda al cuadro costumbrista "Fiesta popular con gaitero" de Primitivo Álvarez Armesto (1864-1939), un óleo sobre lienzo que también representa un gaitero zurdo, que podemos disfrutar en el Museo del Bierzo de Ponferrada y sobre la que podemos saber más en el libro *Primitivo Álvarez Armesto. Un pintor entre siglos* de

Miguel José García González, Francisco Javier García Bueso y Coral Llorca Carrigos (disponible on-line) y del que hemos extraído la siguiente imagen.



Este cancionero representa una publicación importante en la comarca previa al cancionero Leonés de Ángel Barja y Miguel Manzano que dejó un poco apartada del mismo a esta zona tal como explica en su interior. Es una obra tal como nos han explicado los familiares de Federico Fernández Luaña (1903-1995), ya que fue quien realizó la selección, transcripción musical y armonización, que tuvo con importantes prisas para su rápida publicación y que dejó gran cantidad de información fuera que no se llegó a publicar sobre las canciones contenidas. Es una obra que merece una revisión y actualmente también podemos consultar on-line. Este músico, residió en Ponferrada donde realizó también una intensa labor pedagógica y compuso además numerosas canciones y armonizaciones de música popular, algunas de ellas publicadas en obras como los tres volúmenes de *El Bierzo Canta* (174-1980). También merece la pena recordar que la recopilación de canciones fue de Amador Diéguez Ayerbe (1934-2017) a través de cintas de cassette que se fueron diseminando con el tiempo y que muchas de ellas el también interpretaba. Amador fue una figura importante como recopilador en la década de los setenta y ochenta dedicándose posteriormente a la pintura y otras aficiones como la compra-venta de indumentaria y sobre la que el IEB dedicó en 2018 una jornada en las IV Jornadas de Historia Local y Patrimonio celebradas en Ponferrada. Este libro además de contener 104 partituras también contiene una decena de imágenes tomadas por el insigne fotógrafo Amalio Fernández García (1911- 1988).

Estos dos símbolos que son solo una pequeña muestra de la riqueza del patrimonio relacionado con las tradiciones en la comarca, de la variedad lingüística, dejan fuera muchísimos aspectos de la misma, pero a la vez son parte de la importancia y peso que tienen y que se pretende dar a la cultura en el IEB.

Diego Bello Fernández

Índice de intervenciones

Recepción con los cabezudos de Ponferrada.....	9
David Álvarez Cárcamo.....	10
Enero / Xaneiro / Xineiru	
Grupo Alegría Berciana.....	14
Febrero / Febreiro / Febreiru	
Aires del Cabrera.....	20
Marzo / Marzo / Marzu	
Luis Alberto Mondelo Sánchez.....	26
Abril / Abril / Abril	
"El tapial"	
Escola de Gaitas de Vilafranca.....	30
Mayo / Maio / Mayu	
Septiembre / Setembro / Setiembre	
Gaiteros del Bierzo.....	54
Junio / Xuño / Xuniu	
Denise y Bea.....	62
Julio / Xullo / Xuliu	
Danzantes de Fornela.....	68
Agosto / Agosto / Agostu	
"Ronda el Salvador" de Toral de Merayo.....	72
"Vamos a rondarle a la novia"	
Octubre / Outubro / Outubro	

Abelladeira.....	76
Noviembre / Novembro / Noviembre	
Amparo Voces.....	82
Diciembre / Decembro / Diciembre	
Adiós Valle de Ancares.....	84

Recepción con los cabezudos de Ponferrada

A la entrada del Teatro para recibir al público que asistió a esta función tuvimos el placer de poder darles la bienvenida con una representación de los cabezudos de Ponferrada. Una imagen icónica de las fiestas de la Encina junto a los gigantes que cada año forman parte de las fiestas patronales creando un signo de identidad que trasciende ya generaciones. Los quisimos acompañar como se vino haciendo durante todo el siglo pasado con los sonidos de la flauta y el tambor. Y tenemos que agradecer no solo la colaboración del Ayuntamiento de Ponferrada para este acompañamiento sino que agradecer también personalmente a Ian Sánchez y Sara Prada que voluntaria y desinteresadamente se vistieron para la ocasión como han hecho también en las últimas fiestas de la ciudad.

ENERO / XANEIRO / XINEIRU

DAVID ÁLVAREZ CÁRCAMO

David Álvarez Cárcamo nació en Vitoria-Gasteiz en 1982. Desde 1992 reside en León. Se licenció en Historia por la Universidad de León. Ejerce como profesor de Secundaria. Desde 2024 en el IES Ordoño II de León. Desde 1998 recopila la tradición oral de la provincia de León y otras cercanas, habiendo creado un archivo con un número considerable de horas de grabación sobre romancero, bailes, música, lírica o costumbres tradicionales, con muchos ejemplos registrados en el Bierzo. Ha publicado los libros La tradición oral leonesa: Antología sonora del romancero y La tradición oral leonesa: El ciclo de la vida. Es intérprete de pandereta y pandero, flauta y tamboril y baile tradicional. En la actualidad muestra su trabajo como músico en la agrupación Harina de otro costal.

Repertorio:

-Reis de Hornija/Hornixa y Reyes de San Cristóbal de Valdueza.

-Bailes de pandereta. Bien parao de Pereda de Ancares y Muñeira de Trascastro.



A continuación nos cita todas la fuentes de las canciones que interpreta en el espectáculo:

Reis de Hornija

Javiela Diñeiro García (1930) y Avelina Castañeiras Arias (1950). Recogidos por David Álvarez Cárcamo en Hornija/Hornixa el 13 de septiembre de 2018.

Reyes de San Cristóbal de Valdueza

Gorgonio Ballesteros Delgado (1943). Recogidos por David Álvarez Cárcamo en San Cristóbal el 25 de septiembre de 2018.

Bien parao de Pereda de Ancares

Aurora Abella y Belarmina Fernández Abella. Recogido por Raquel Cadenas y Felipe Fernández en 1987

Muñeira de Trascastro

Irene Fernández Ramón (1936), Obdulia García Gurdiel (1927) y María Ramón. Recogida en Trascastro por David Álvarez Cárcamo, Xosé Antón Fernández Martínez, «Ambás», y Ramsés Ilesies Fernández el 20 de agosto de 2016.

FEBRERO / FEBREIRO

GRUPO ALEGRÍA BERCIANA

Fundado en 1977 por Vicenta Ferrero Guerra y Rafael Busto Salgado. Actualmente dirigido por Rafael Busto Ferrero.

Su repertorio abarca bailes y danzas de la Comarca, así como recreaciones especiales como la presencia de Danzantes en las Fiestas de Ponferrada o el Entroido Berciano, tomando este como base descripciones que Antonio Fernández y Morales hace en "Ensayos poéticos en dialecto berciano" 1860.

Utiliza como soporte musical principal en sus actuaciones la flauta y tambor. También gaita y voz y acompañada por pandereta.

Desarrollan proyectos culturales para ayuntamientos bercianos con apoyo de entidades como la Diputación de León o UNED.

Repertorio:

-Pasodoble de Pepe. Repertorio de Jose Fernández (Pepe Pincha), Villafranca.

-Pasodoble de Emilio Diaz Gutiérrez. Repertorio de "Los Gutiérrez", Villar de Acero.

-Muñeira de Pombo. Repertorio de Francisco Terrado Farelo, Oencia.



Nuestra propuesta en

Una Tarde de Bureo: "Recreación del Entroido Berciano..."

En 1861, Antonio Fernández y Morales, comandante de infantería, describe en su libro "Ensayos poéticos en dialecto berciano", aspectos de la vida del entorno de los pueblos bercianos en donde estuvo destinado como inspector de estadística en el Bierzo.

Desde el grupo Alegría Berciana de Ponferrada, en el año 1993 y basándonos en las descripciones de los personajes principales que el autor nos presenta cuando habla de los carnavales, decidimos poner en marcha una "Recreación del Entroido Berciano".

Fue en 2010 cuando decidimos retomar esta idea y volver a organizarlo como actividad que tuviese continuidad y a modo de convivencia del propio grupo.

De esta forma comenzamos en Cuatrovientos, nuestro barrio los primeros años y ahora gracias al apoyo del Ayuntamiento de Ponferrada, esta actividad forma parte ya del calendario festivo de nuestra ciudad, abriendo días antes todas las actividades de los carnavales.

Los personajes principales son el Diaño y la Diaña, ataviados con objetos cotidianos, y que caracterizan unos personajes diabólicos.

Los demás acompañantes van ataviados con farrapos, cornamentas o cencerros...

...se pretenden recrear el ambiente infernal que se describe en el citado libro, y que se refiere las diabluras y enfrentamientos que se producían entre los demás vecinos de los pueblos y ellos...

El otro personaje es el Entroido o diaño de entroido, personaje que cabalga a lomos de un burro y que después de tan *macabro* y *gerriril desfile* por las calles del pueblo, se quema en la plaza...



Desarrollamos esta actividad el sábado antes del martes de carnaval por diferentes calles de Ponferrada.

Obras interpretadas en el montaje escénico:

- Pasodoble. Repertorio de Jose Fernández (Pepe Pincha), Villafranca.
- Muñeira de Pombo. Repertorio de Francisco Terrado Farelo, Oencia.
- Pasodoble de Emilio Diaz Gutiérrez. Repertorio de "Los Gutiérrez", Villar de Acero.



MARZO

AIRES DEL CABRERA

Aires de Cabrera, de Pombriego, es un grupo joven fundado en 2014, dedicado a recuperar, mantener y divulgar la música y tradiciones de La Cabrera (León), retomando la labor de los grupos que existieron en la localidad durante décadas anteriores del siglo XX. Con Edilberto Rodríguez a la cabeza y con una trayectoria destacada en la música tradicional, han participado en numerosos eventos y publicaciones. Además de su labor como agrupación de música y baile tradicional, destacan por la investigación y recuperación de su Entroido, los Ramos y la indumentaria tradicional.

Repertorio:

- Oración del monumento. Popular.*
- Canto de Ánimas. Tradicional.*
- Procesión de flauta y tamboril. Tradicional.*
- Canto de la Procesión del Encuentro. Popular.*



A continuación, nos dejan las letras completas de las canciones que interpretaron en el espectáculo.

Canto de Ánimas

Por las ánimas benditas
todos debemos rogar,
que Dios las saque de eternas
y las lleve a descansar.

Oíd cristianos oíd
devotos contemplativos
y el más fiero del cantar
del corazón compasivo.

Los que sabéis, padres nobles
de padres nobles y a hijos
aguardad hijos y hermanos
parientes desde hoy y amigos.

Oigan todos los mortales
que a todos yo los convido.
Oigan los tristes lamentos,
los alientos y suspiros.

Las voces tan lastimosas
los dolores y gemidos

que nos dan el alimento
que no comemos tranquilos.

Cuando salimos de aquí
¡ay Dios mío, ay Dios mío!
¡quién nos sacará de eternas!
con lágrimas les pedimos.

Pecador que con tus culpas
tienes a Dios ofendido
y a la hora de la muerte
muéstrate arrepentido.

Mira pecador y teme
de Dios el justo castigo.
Las ánimas te suplican
Dios te da muchos avisos.

Tú te haces sordo a todo
y te tapas los oídos.
Oye, repito y atiende
si no lo has comprendido.
Las ánimas te suplican
Dios te da muchos avisos.

Canto de la Procesión del Encuentro PASCUA

¡Ay que mañana de Pascua,
ay que mañana de flores!
Ay que mañana de Pascua
ha amanecido señores.

Ya salió la palomita
de su blanco palomar
ya salió la palomita
para su hijo buscar.

Lo buscó de huerto en huerto
y de rosal en rosal
lo ha buscado en las ermitas
y también en el altar.

Quitarle ese velo negro
hermosísima María
quitarle ese velo negro
y cubrirla de alegría.

ABRIL

LUIS ALBERTO MONDELO SÁNCHEZ

Luis A. Mondelo Sánchez, tamboritero ponferradino, enfoca sus estudios hacia la recopilación, investigación, catalogación, análisis y difusión de las músicas de Flauta y Tambor en la provincia de León. Fue coordinador del proyecto discográfico Tamboriteros Leoneses, EL BIERZO que en 2016 se publicó bajo el auspicio del Instituto de Estudios Bercianos y con el patrocinio de algunas administraciones públicas bercianas.

Acompañado por los bailadores Noemí Díaz Fernández y Alberto Álvarez Bodelón; y los actores Luis Álvarez Rivera, Cristina Tapia Gil, Elena García Díaz, Óscar Rodríguez Jiménez.

Repertorio:

- Toques para tapiar.*
- Baile corrido.*



EL TAPIAL

Según el diccionario de la Real Academia de la Lengua Española llamamos tapial o tapia a cada uno de los trozos de pared que se hacen de una sola vez con tierra amasada y apisonada en un encofrado. Se trata de un tipo de técnica constructiva popular muy usada en toda la provincia de León.

En la comarca del Bierzo, tuvimos la suerte de poder conocer a algunos tapiadores los cuales nos describieron este proceso. En las localidades de Cueto y Cabañas Raras, aquellos que querían construir una tapia debían buscar a los hombres jóvenes con más fuerza y resistencia del lugar, ya que resultaba un trabajo duro no apto para cualquiera. Entre sus acuerdos, convenían que, para la realización del trabajo de tapiar, era requisito que el patrón les daría de comer como en las bodas.

En nuestra tradición, los trabajos más duros y repetitivos, en ocasiones, eran llevados a cabo con el sostén de dos elementos importantes para estos menesteres: uno consistía en amenizarlos a través de cantos de labor (o también toques instrumentales) que ayudaban a los trabajadores a no desfallecer, así como no perder el ritmo de trabajo. El otro, consistía en echarse un trago de vino, de vez en cuando, para sobrellevar la labor con cierta "alegría".

Nuestros informantes, el sr. Eladio López, (de Cabañas Raras) y Manuel Fernández, Manolín (de Cueto) nos describieron la labor de tapiar. Manuel, además nos informó de que Ángel Nistal, Angelín, tamboritero de Cabañas, era contratado en ocasiones para amenizar con sus toques de chifla y tambor estos trabajos.

Existe una maqueta que recrea este momento del tapiado que el sr. José Fernández, El zapatero tuvo a bien incluir en su "Nacimiento" o "Belén" electromecánico que podemos visitar en Cabañas Raras y que siempre sorprende a niños y mayores en fechas navideñas.

Esta tarde de bureo representaremos la labor del tapiado acompañada con chifla y tambor intentando recrear aquella realidad tan lejana para nosotros, pero que algunas personas hoy luchan por recuperar, ya que está considerada como una técnica arquitectónica bioclimática y sostenible. Para esta representación contaremos con

la colaboración de un grupo de actores que, de forma desinteresada, han querido colaborar en nuestro proyecto y con el Instituto de Estudios Bercianos. El guión corre a cargo de Alberto Álvarez Bodelón que, respetando la información aportada en las grabaciones de campo por nuestros informantes, ha elaborado este pequeño relato dramatizado, tan especial.

A todos ellos: Gracias.

Actores:

- Luis Álvarez Rivera (Octogenario)
- Cristina Tapia Gil (Entrevistadora)
- Elena García Díaz (Moza 1)
- Óscar Rodríguez Jiménez (Mozo 1)

Bailadores:

- Noemí Díaz Fernández (Moza 2)
- Alberto Álvarez Bodelón (Mozo 2)
- Tamboritero: Luis A. Mondelo Sánchez (tamboritero)

Guión: Alberto Álvarez Bodelón



MAYO Y SETIEMBRE / MAIO E SETEMBRO

ESCOLA DE GAITAS DE VILAFRANCA

A primeira Escola de Gaitas do Bierzo naceu en Vilafranca no inverno de 1981, unha formación que traballa pola revitalización da música tradicional a partir dunha recolleita de gaiteiros tradicionais especialmente do Bierzo Oeste. Como asociación cultural afronta varios retos na defensa do galego na comarca, realiza eventos musicais e culturais: *Encontro de Gaiteiros Tradicionais* (1991), participa do *Congreso de Etnografía y Folclore* organizado polo Instituto de Estudios Bercianos, publica a unidade didáctica: *A festa do Maio de Vilafranca* (1993) e o libro: *Palillos de madeira* (2010) sobre os Xigantes e cabezudos máis vellos do Bierzo. Publica tamén varias memorias das Xornadas da Cultura e Lingua galegas no Bierzo e mantén unha ampla información e documentación nas redes no seus blogs BIERZOCULTURA, GAITEIROS DO BIERZO ou O MEGO DA ESCOLA. Recentemente colaborou na organización co IEB das *1^{as} Xornadas sobre Patrimonio Cultural Inmaterial do Bierzo* (2021).

Repertorio:

-*Canción dos maíos de Vilafranca coa colaboración da Escuela Municipal de Música.*

-*Danza de Xigantes e Cabezudos de Vilafranca do Bierzo.*



<https://bierzocultura.blogspot.com>

A FESTA DO MAIO

Vilafranca do Bierzo

ESCOLA DE GAITAS
DE VILAFRANCA



Foto anos 60
Alejo Sandes Carricer

Canto da Festa do Maio, (1 de maio)

Cantiga interpretada pola Escola de Gaitas coa colaboración do alumnado da *Escola Municipal de Música Pedro Halffter Caro* de Vilafranca do Bierzo.

Cantiga tradicional que se canta nos barrios da propia vila e recolleu tamén en aldeas próximas como Landoiro ou Ponte de Rei. As coplas cantadas por un grupo de rapaces ou rapazas, tradicionalmente eran só ninos e ninas, seguen unha lóxica de presentación do maio-humano, unha persoa cuberta coa planta *smyrnum olosatrum* (canaveiras ou mazandois) que representa o espírito da natureza e que, en ocasións, se deita no chao a durmir diante das casas ou prazas para, a través de coplas petitorias, solicitar un donativo tradicionalmente en forma de castañas maias ou tamén chamadas pilongas

(segundo contan “*hai que tomalas o primeiro de maio para que non che dea o desmaio*”). Dependendo da xenerosidade espléndida ou cativa e roñosa resposta da veciñanza adulta que escuita ao cortexo de rapazallada cantora e que rodea ao maio, esta agradecerá ou aldraxará cunha copla ou varias a modo de resposta, antes de levantar de novo ao maio e seguir o seu percorrido pola vila.

As coplas recollidas eco dos refraneiros referidos ao calendario e ao tempo da primavera, repítense sempre iguais de ano en ano, están cantadas na súa meirande parte en galego oriental coas lóxicas contaminacións de castelanismos, aínda que están abertas a certa improvisación e innovación espontánea no apartado dos petitorios, gardando sempre o seu núcleo a esencia da tradición. Algunhas delas están xa transcritas en cancioneros da lírica popular dos séculos XV e XVI. Os petitorios e as respostas de agradecemento ou agravio son coplas comúis que noutros lugares se repiten para outras manifestacións do calendario tradicional (por exemplo, no Cebreiro os petitorios dos Reis). A melodía tamén arcaizante mantén paralelismos curiosos con cantos tradicionais antigos que temos localizado noutras rexións de Europa.

1. A Festa do Maio de Vilafranca

SALVAGARDA E RECUPERACIÓN DO ÚNICO MAIO HUMANO DE CASTILLA E LEÓN DENTRO DAS MANIFESTACIÓNS DO CICLO FESTIVO RURAL TRADICIONAL

VILAFRANCA DO BIERZO, COMARCA DO BIERZO,

Manifestación propia do calendario anual festivo tradicional nunha vila de fonda raigame rural situada nos territorios galego-falantes do Bierzo que conserva elementos esenciais do costume estacional da primavera do maio-humano único en Castilla e León.

O maio-mozo o maio-humano é unha tipoloxía de festexo tradicional do 1 de maio, na que se escolle a un nino ou mozo dun grupo para vestilo e convertelo na representación do espírito da primavera por ese día (por iso ha de ser irrecoñecible, dando o aspecto de ser unha árbore que anda) oculto cunha planta específica (*smyrnum olosatrum*) para logo recorrer as rúas e prazas acompañado dunha

comitiva que vai cantando coplas tradicionais (sempre as mesmas e cunha melodía musical que se usa exclusivamente para a ocasión) solicitando un donativo (castañas "maias", unha alegórica alusión á fin do ciclo das mesmas) e realizando un ritual de levantar ao maio como símbolo da chegada do tempo da estación das flores (o comezo dun novo ciclo). Aínda que son os portadores os ninos e a xente máis nova, os maiores tamén participan no proceso durante o percorrido ao contribuír con donativos ou facer que a comitiva "tumble o maio" e logo o levante. Esta celebración, a comezos do século XX, era abundante en Galicia, en vilas importantes Monforte, Viveiro, Mondoñedo, entre outras as vilas xacobeas de Portomarín, Lugo e Santiago, nas que se foron perdendo e desaparecendo, sendo única esta expresión a día de hoxe en Vilafranca onde se resistiu a facelo e se vén realizando ininterrompidamente, sendo un dos costumes máis antigos que se lembran das que persisten. Este maio-humano no ámbito de Castilla y León, tanto pola súa tipoloxía, como polo idioma en que se canta (galego oriental do Bierzo) é único en dita comunidade.

2. Características do maio humano de Vilafranca do Bierzo

Polo seu carácter este costume, se se conservou ata hoxe foi por ser considerada durante case todo o século XX unha tradición que levaban a cabo os ninos e ninas, tamén adolescentes, aínda que como se dixo os adultos, a veciñanza en xeral, tamén forman parte dela ao ser directamente interpelados polas comitivas de maíos. Unha participación máis pasiva, pero necesaria para a súa celebración. Desde os anos 70, nos que estivo a punto de desaparecer, o proceso de recuperación da tradición logrou implicar a un número maior de persoas pasando a ser comitivas máis nutridas nas que encontramos persoas de distintas idades. Desde os anos 80 un grupo de mozos que logo constituíu unha asociación decidiu darlle un impulso a esta tradición para impedir a súa desaparición estudando os elementos que a constitúen, a súa orixe e a simboloxía, ademais de difundir este estudo e realizar unha posta en valor entre os máis pequenos en colexios da vila e a maiores en carteis e dípticos editados cada ano anunciando a Festa do Maio. Usamos o galego oriental que se fala

no Bierzo, sendo esta unha das máis recoñecidas manifestacións da tradición oral viva desta lingua na comarca, algo que lingüistas e etnógrafos veñen destacando.

A relación co medio natural establécese de forma necesaria polo uso dunha planta específica "as cañaveiras" e das "maiolas" ou castañas secas (di o refrán "*Hai que comer castañas maías o primeiro de maio para que non che dea o desmaio*" facendo referencia a evitar a debilidade en momentos nos que hai labores duros do campo que reclaman atención) Esta alusión aos produtos propios da terra, singularmente á castaña e ao seu ciclo natural e a súa simboloxía son elementos substanciais. As "cañaveiras" coas que se visten e as plantas que de forma natural e espontánea crecen en distintos espazos da vila, así como as rúas e prazas da mesma no seu conxunto conforman un todo sen o cal o festexo faise difícil de entender e celebrar co seu sentido pleno. As flores "ventureiras" son adorno habitual do maio e da comitiva que o acompaña que usa coroas vexetais elaboradas ese mesmo día. Acostuman levar algún "mego" un cesto con asa de diversa capacidade para recoller os donativos. Non hai outra indumentaria específica, aínda que polo carácter campesiño da festa é frecuente o uso de vestimenta de traballo que se asocia aos labradores e labradoras, incluso é frecuente a incorporación dun burro por ser este mencionado nunha das coplas. Este animal garda tamén coa época do ano na que estamos un simbolismo plurisignificativo (identificado tanto como símbolo do inverno como da fertilidade animal que se procura).

Esencial e relevante para a transmisión resulta repetir unha e outra vez a melodía e as coplas asociadas ás distintas partes nas que podemos dividir o desenvolvemento desta manifestación tradicional: Unha presentación con referencias á humanización do maio e ás estacións, coplas petitorias e de agradecemento ou insulto dependendo da xenerosidade dos veciños e copla para rematar levantando "o maio".

A melodía é un legado posiblemente medieval e quizás de influencia xacobeas (Vilafranca é unha vila que nace produto dun núcleo importante de persoas provenientes dos reinos francos que se asentaron no Bierzo e se relacionan coa presenza dos monxes do Cluny nestas

terras) polo que resulta ao menos curioso que unha obra medieval en francés *Le Román de Fauvel* conserve escritas varias melodías populares do XIII- XIV entre as que encontramos unha idéntica á melodía do noso maio. Isto permítenos considerar a hipótese desta orixe para a melodía musical que acompaña ao noso maio que se repiten así como as coplas sempre, de ano en ano, sen cambios. A música que se interpreta hoxe puido chegar ao Bierzo como consecuencia dun intercambio cultural derivado do fenómeno xacobeo do Camiño a Compostela.

As coplas fan do maio unha peza única e relevante da cultura popular que se expresa en galego do Bierzo, funcionando como referencial de todo un conxunto de manifestacións tradicionais que se dan con carácter cíclico ao longo do ano. Unha evidencia notable da normalidade e o cotián do uso desta lingua na comarca que se converte en elemento destacado da súa personalidade, que se ve e é sentida polas súas xentes como unha manifestación da súa identidade cultural. Non esquezamos que o Bierzo pola súa idiosincrasia histórica e social é a única comarca legalmente recoñecida na Comunidade con entidade xurídica.

O vestir ao maio-mozo convértese tamén nun aspecto singular porque non resulta doado transformar a unha persoa nunha árbore coa dificultade engadida de que non se pode distinguir á persoa que lle dá vida ao maio e que coa rixidez característica manteña o seu esplendor e estética varias horas con paciencia para representar ao espírito do vexetal, do espertar da natureza.

O proceso da recollida e secado para a conservación da castaña cos seus diversos métodos e utensilios forman parte do calendario intimamente unido ao maio de Vilafranca sendo a castaña seca unha gran protagonista da canción e dos donativos que se solicitan e que se ofrecen desde os balcois con frecuencia.

A utilización dun animal doméstico como o burro que se pode ver nalgunha comitiva establece unha conexión directa coa cría e cuidados dos animais de carga ou de tiro.

Ao ser unha manifestación de tradición oral mantemos esta vía como principal fórmula de transmisión de xeración a xeración. A

repetición ano tras ano do proceso ritual acostumado e de cada comitiva asegura unha vivencia desde a infancia que permite a conservación futura. De todos modos desde os anos 80 que iniciamos un proceso de estudo, asentamento e de recuperación realizouse un chamamento á participación para incrementar o número de participantes en cada comitiva, así como un proceso de divulgación escrita, audiovisuais, charlas (preferentemente coa nosa presenza nos colexios), edición de carteis anunciando o festexo e comentando os valores desta celebración que funcionan, como outro elemento de reforzo á principal vía de transmisión que segue sendo a oralidade.

En 2009 foi declarada Ben de Interés Turístico Provincial, recoñecemento que contribuíu a súa posta en valor.

A Asociación *Escola de Gaitas de Vilafranca do Bierzo* e un copioso grupo de veciños e veciñas que colaboran en gran número e con entusiasmo como amantes das súas tradicións.

3. Estado de conservación da tradición

Como calquera outra manifestación do PCI a súa debilidade é evidente se non se garante a transmisión ás xeracións máis novas. Do mesmo modo son ameazas a despoboación das zonas rurais, comunidades que son as que mantiveron vivos crenzas, tradicións, cultivos, como o da castaña e o seu secado, usos e simboloxías. A falta de transmisión das xeracións maiores ás novas da “fala” popular convértese, obviamente, nunha das ameazas máis serias á esencia desta manifestación.

O desarraigamento do calendario tradicional vai unido ao abandono dos soutos e os cultivos da terra en xeral, é unha das principais ameazas ao incidir na dificultade para contextualizar de xeito natural desta manifestación cultural. A este abandono van ligados intimamente tanto a fala como as restantes características que definen este maio-humano que corren serio perigo provocado pola paulatina desconexión co hábitat rural que a viu nacer e que permitiu a repetición cíclica anual durante séculos.

Un burro ou as castañas secas igual que os niños e niñas ou mozos e mozas son elementos que ata o momento non faltaron, pero a urbanización galopante que vivimos xunto co envellecemento de la poboación son índices preocupantes á hora de pensar na permanencia da tradición. De feito fíxose fronte no seu día (anos 80) a un intento de crear concursos de maios por parte do Goberno municipal da vila, impondo un cambio que rompía con aquel saír habitual por tradición a cantar o maio. De aí que tiveramos que reforzar esta última opción coa celebración dunha comida campestre para compartir os donativos recollidos como alternativa coherente e acorde co devir natural do maio vilafranquín que fortalecese a participación (en lugar da competitividade) sen entrar en contradición co espírito do festexo.

Todo estudo da literatura de tradición oral e da lingua no Bierzo e comarcas veciñas establece curiosos paralelos con outras manifestacións do calendario anual da nosa festa.

A etnografía e a antropoloxía rural no Bierzo inclúe a Festa do Maio como referente ineludible para o Bierzo mantendo relacións funcionais de cohesión social e de adaptación ao medio e ao ritmo das estacións ademais de redundar nunha experiencia de incorporación das novas xeracións ao coñecemento e identificación do calendario agrario.

O estudo da música ou melodía coa que se cantan as coplas permítenos establecer varias hipóteses musicolóxicas de interese.

A produción da castaña é no Bierzo e en concreto para o noso concello e os limítrofes un dos sectores con maior potencial que as enfermidades que atacan ao castaño veñen minando seriamente nas últimas décadas. Ao redor do "castañeiro" xiran unha infinita relación de elementos de cultura material e inmaterial bastante ben documentadas aínda que non sempre ben relacionadas con esta celebración que vén sendo a fin dun ciclo natural da castaña que se consome, claro está, seca no mes de maio, cuando comezan a botar a folla estas árbores dando lugar a un novo ciclo. Moitas veces denominados con nomes propios a castaños cuando pasan a ser centenarios (O Campano, O Mirandelo). A simboloxía da castaña está presente no calendario tradicional tanto nos magostos do 1 de

novembro (consumo en verde) como nos maios o primeiro de maio (consumo en seco). Ambas datas son realmente significativas nos calendarios agrarios de toda Europa e son dous festexos vivos en Vilafranca e unidos de forma moi singular pola castaña.

A presenza do burro nos maios lévanos á fertilidade no mundo animal e á proximidade dunha Feira cabalar comarcal en Cacabelos do 3 de maio como outro evento asociable aos festexos de primavera e á reprodución deste tipo de animais domésticos (na que son relevantes os meses de abril e maio).

Como levamos máis de corenta anos estimulando a conservación, asegurando o asentamento e recuperando a vitalidade desta tradición con elementos como a posta en valor a través do estudo e a difusión de forma singular entre os máis novos, mantendo viva a transmisión oral como fórmula de resistencia, a potenciación da participación local e reforzo da identidade berciana, ademais doutras iniciativas didácticas e divulgativas pensamos que son medidas acertadas para combater as ameazas que ata o día de hoxe se deron.

Hai si outras ameazas máis agudas (despoboación, agresións ao medio rural, perda da fala local) que non seremos capaces de superar sen a intervención das administracións rexionais e a aplicación efectiva de leis de protección (algúns delas xa existentes, pero que non se levan a cabo) que impliquen dinámicas máis complexas que redunden na volta ao medio rural, un desenvolvemento sostible ecolóxico onde o respecto ao medio ambiente, a recuperación dunha vida máis acorde cos ciclos da natureza e os saberes tradicionais se fagan esenciais.

Texto: Héctor M. Silveiro Fernández en calidade de presidente da Asociación Cultural Escola de Gaitas de Vilafranca do Bierzo.

Bibliografía

J-L-Alonso Ponga Amador Diéguez Ayerbe, El Bierzo. Etnografía y Folclore de las Comarcas Leonesas. Santiago García. Editor León. (1984)

Isabel Bassas-Tex Bishop: Arboreal Masquerade. Os Maios in Vilafranca del Bierzo. Revista The Plant Magazine. Issue 13 (2018)

Marisa Cela López:

- En colaboración con H.M. Silveiro Fernández *Encontro da Cultura Tradicional do Bierzo e As Portelas*. Cultura tradicional e desenvolvemento rural VV. AA. Universidade de Vigo-Xunta de Galicia (2006).
- *Maios. La fiesta más querida*. Sabios Paisajes, naturaleza y cultura campesina del Bierzo a través de las estaciones. A Morteira Ponferrada 2020.

M^a Dolores Fernández Álvarez y Jonh Breaux, Medicina popular, magia y religión en el Bierzo. Ayto. de Ponferrada (1998)

M^a Luisa Fernández Colomer, M^a José Álvarez Acebo e M^a de los Angeles Yanútolo Glez. *O Calendario tradicional de Vilafranca*, II Xornada da Cultura e da Lingua Galegas no Bierzo. Memoria. Escola de Gaitas de Vilafranca do Bierzo (1994)

Clodio González Pérez, *A Festa do Maio* en Galicia. Diputación Provincial de Pontevedra (1989)

Héctor Silveiro Fernández,

- *O Maio de Vilafranca: Un maio galego fóra da Galicia administrativa*. I Xornada da Cultura e da lingua galegas no Bierzo. Memoria. Escola de Gaitas de Vilafranca do Bierzo (1993)
- *A Festa do Maio de Vilafranca. Unidade Didáctica: Festas anuais I*. Escola de Gaitas de Vilafranca do Bierzo (1993)
- *A experiencia de recuperar a Festa do Maio de Vilafranca. Levántate Maio*. Foro dos maios de Ourense. Concello de Ourense (2004)

Xosé M. González Reboredo, *Guía de Festas populares de Galicia*. Editorial Galaxia (1997)

BierzoCultura. blogspot (2005-2021) *ETIQUETA: A FESTA DO MAIO* con 40 entradas: <http://bierzocultura.blogspot.com/search/label/A%20FESTA%20DO%20MAIO>

Materiais audiovisuais, gravaciois, etc., conservados en arquivos, museos e coleccións privadas

Audiovisuais:

- VIDEO: *Os maios mozos de Vilafranca do Bierzo*. Benxamín Vázquez (1991)
- DVD: *A Festa do Maio de Vilafranca: Bierzo Tradicional* (A Escola de Gaitas de Vilafranca do Bierzo. 2008) Inclúe o documental do 1991 anterior e o Programa especializado en folclore e etnografía da TVG "Alalá nº 52"(2015) titulado: "Os Maios de Vilafranca"

Material documental e obxectos conservados en arquivos, museos e coleccións privadas

O arquivo particular da Asociación Cultural Escola de Gaitas de Vilafranca do Bierzo (en boa medida sintetizado no DVD do ano 2008) ao que se suman todos os materiais editados ben en papel ou en formato dixital pola Asociación con motivo da Festa do Maio ata o día de hoxe.

Material particular na colección particular de M^a Dolores Fernández Álvarez sobre a Exposición do ano 2000: "Los maios, plantas curativas, objetos curiosos y fotografías de nuestra gente".

Setembro: DANZA DE XIGANTES E CABEZUDOS

Escola de Gaitas de Vilafranca



Foto de E. Villaverde 1911

A danza de Xigantes e Cabezudos de Vilafranca do Bierzo

Esta Danza é unha das pezas tradicionais que acompaña a todo un evento, o máis moderno do patrimonio cultural inmaterial da Vila. Os Xigantes e Cabezudos conservan as cabezas orixinais, as máis antigas con máis de 150, outras cun cento de anos ás costas. O conxunto asociado á Procesión do Cristo da Esperanza, patrón da vila, que encabezan os xigantes e cabezudos que perderon aquela caótica mobilidade primixenia e aquel afán petitorio e as súas tradicionais vexigas e carreiras que provocaban de vello. O Volteo de campás de San Nicolás o Real e o son da gaita, acompañada do tambor e o bombo intimamente asociadas ao baile dos xigantes que preceden ao formal, unha danza que foi evolucionando con distintas versiois que se ían sumando a medida que cambiaban os gaiteiros que a interpretaron dende mediados do século XIX. A versión máis antiga recollida pola Escola de Gaitas a Pepe Fernández, quen a aprendera do seu pai que a tocaba aló polo 1911 como testemuñan as fotografías que se conservan. Engadíronse logo outras versiois máis recentes como a de Isidro Álvarez que son a esencia da que interpretamos actualmente en Vilafranca.

Sobre a interpretación da peza por un gaiteiro ou por outros músicos instrumentistas de carácter tradicional como se aprecia nalgunha das fotografías máis antigas, pensamos que puido ser tocada ocasionalmente ou puntualmente por outros instrumentos (en concreto por unha chifra e un tamboril) diferentes á formación acostumada dunha gaita, o tambor e bombo, pero se ben non é descartable sempre acompañaría á gaita de fol, sendo esta o instrumento principal asociado á Danza, como está acreditado, en todo caso, pola súa evolución ao longo do século XX onde, en exclusiva, foi interpretada por gaiteiros coa gaita de fol, como tamén certifican textos literarios, a documentación da Confraría e unha serie consistente de fotografías, ademais da testemuña recollida aos mesmos gaiteiros tradicionais dos que recolleemos a peza que hoxe tocamos.

A DANZA DE XIGANTES E CABEZUDOS DE VILAFRANCA DO BIERZO

Contextualización dos ámbitos do patrimonio cultural inmaterial cos que se relaciona:

- Usos sociais, rituais e actos festivos.
- Coñecementos e usos relacionados coa natureza e o universo;
- Técnicas artesanais tradicionais;
- Formas de socialización colectiva e organizaciois;
- Manifestaciois sonoras, música e danza tradicional.

Sendo a comunidade interesada: Vilafranca e a contorna (comarca do Bierzo)

Falamos dunha danza de xigantes e cabezudos asociada a unha celebración festiva patronal relixiosa que se converte en única tanto pola melodía como polas figuras centenarias que a interpretan de xeito ininterrompido e por converterse en referente local e comarcal de identidade. A danza dos xigantes e cabezudos, aínda que nun principio debeu ser acompañada por distintas melodías, acabou por asentarse como a melodía da Danza dos xigantes e cabezudos de Vilafranca, a máis popular, considerada tradicional

e que foi cargándose dunha compoñente enorme simbólica ao unirse e repetirse como única peza válida para este baile. Creada polos gaiteros locais, repetida desde entón e recreada por varios músicos locais, conta tamén cunha letra na versión comarcal do galego oriental que contribuíu seguramente a súa popularización. Outro dos seus trazos específicos é que se interpreta acompañada doutros sons particulares como o volteo das campás de San Nicolás configurando xunto con outros rituais e simbolismos de corte relixioso uns e antropolóxicos outros un conxunto complexo do noso PCI.

A Danza de Xigantes e Cabezudos está interpretada por un grupo de adultos de Vilafranca (que normalmente con poucos cambios se comprometen a bailar os xigantes recibindo a cambio do pago dun soldo por parte da Confraría do Sto. Cristo da Esperanza, propietaria dos xigantes e cabezudos que xestiona e tamén os custodia) entre os que se escolle a un encargado para que organice a actividade, conforme tamén un grupo de mozos da vila (algunha moza tamén para portar os cabezudos). Son anónimos portadores dos xigantes e cabezudos que xunto a Confraría serán só unha parte dos que podemos considerar portadores directos da tradición aos que debemos sumar aos músicos e volteadores de campás.

Outras persoas da comunidade que participan menos directamente na celebración da danza, pero que contribúen a súa práctica ou facilitan a súa transmisión (por exemplo, preparando escenarios e vestuarios, impartindo formación ou exercendo funcións de supervisión). Podemos incluír neste apartado en primeiro lugar á propia Confraría do Cristo da Esperanza ás que se suman nalgún caso, personalidades considerados na vila como restauradores dos xigantes como "Pilitas", "O Canteiro" e nomeadamente Norberto Beberide. Homes e mulleres que confeccionan os traxes e adornos dos xigantes e dos cabezudos, habitualmente familias enteiras como os Beberide ou Colomer que estiveron e están ligadas durante moito tempo ao mantemento das cabezas ou xigantes. As persoas que xestionaron o volteo das campás que durante moitos anos dependeron dos Paúis. Hoxe depende da mesma Confraría. Hai tamén unha Peña de xigantes nacida recentemente que acompaña o baile polas rúas e prazas.

A Danza leva o nome popular dunha onomatopea coa que comeza a copla máis repetida (cantadas en galego) que se conserva por tradición oral: "*Trumpurrumpuntrum, palillos de madeira*" que permanece na memoria e na boca de todo vilafranquino como un himno propio que frecuentemente se usa enteira: "*Baila D. Quijote con Doña Dulcinea!*". Ademais da linguaxe principal desta manifestación que é unha melodía musical interpretada pola gaita de fol ou galega. Os gaiteros locais que a tocan usan como os seus veciños unha lingua familiar e coloquial distinta do castelán. Dáse a circunstancia de que o malnome ou alcuña co que se coñecía era tamén en galego da zona: "Os Pincha fornos". Efectivamente moitos dos nosos avós e avoas usaban a denominación de "ananas" en lugar da de xigantes para estas figuras centrais da manifestación que tratamos. Logo todas estas expresións do galego oriental confirman a relación da tradición con esta fala dialectal do Bierzo Oeste.

Existe un gran número de materiais relacionados coa manifestación e a transmisión do ben. En primeiro lugar os xigantes, a parella de xigantes máis vellos que é a máis antiga da comarca e da Provincia de León, atopándose entre as poucas que superan os 150 anos de antigüidade na Península. Sendo especialmente recoñecido o Estado Español en cantidade e calidade destas figuras procesionais, que a nosa tradición conte cunha parella de máis de 150 anos e varias centenarias que, se non son únicas, son realmente raras (na meirande parte das festas con xigantes desaparecendo ou con cabezas substituídas por outras máis modernas). Vilafranca preferiu restaurar e conservar as súas cabezas máis vellas: O Cid e Doña Jimena, Don Quijote e Doña Dulcinea, Sancho Panza e O Mouro, ademais do Requinto e un bon número de cabezas mercadas nos anos 50 do século pasado. Este aspecto ten unha importancia moi significativa. Destacable polo papel que xogan na manifestación tamén son as campás do campanario de San Nicolás que naceu como Convento Xesuíta que logo pasou a ser propiedade dos Padres Paúis. Por outro lado, existe un elemento material como son as vexigas de coche que portaban os cabezudos como constatan tanto a memoria oral dos máis vellos da vila, como as fotografías que se conservan. O uso destas vexigas foi simplificándose ata perderse a partir do 1984, á vez que se perderon os petitorios que

protagonizaban na danza os cabezudos. Estes tiñan dúas funcións fundamentais no percorrido tradicional. Abrir paso aos xigantes que viñan danzando entre o xentío e solicitar activamente cartos aos veciños e visitantes (que servirían para pagar aos portadores e unha propina máis ou menos xenerosa para eles mesmos). Para ambas tarefas principais e esenciais da danza (que deben tentar recuperarse), ademais de para protección de burlas e outras múltiples circunstancias os nosos cabezudos utilizaban as vexigas.

